

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO PARA A REHABILITACIÓN DE FONTE E LAVADOIRO DE VILELA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Castrelo de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Castrelo de Miño para a rehabilitación de fonte e lavadoiro en Vilela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Castrelo de Miño pretende reformar e acondicionar a fonte e o lavadoiro de Vilela, equipamento que presenta un estado actual moi mellorable. Consta de fonte e lavadoiro, con dous estanques diferenciados para cada función, conectados, e un terceiro depósito estreito e alongado, situado á fronte do conxunto que anteriormente usaba o gando como bebedeiro. Excepto o peitoril da fonte que é de pedra granito, practicamente todo o conxunto está realizado en fábrica revestida de morteiro, incluso os planos inclinados do lavabo. Presenta unha cubrición moi lixeira e sinxela, resolta con cinco piares de formigón, correas de omegas e placa ondulada de fibrocemento, que é probable que conteña amianto. O muro de contención de formigón armado é o que delimita o espazo do equipamento. O espazo que queda entre os elementos que compoñen o conxunto, o vaso de lavado, o vaso da fonte e o vaso do bebedeiro está resolto cun pavimento tamén de formigón.

Trátase dun equipamento de uso público, moi demandado funcionalmente polos veciños do núcleo de Vilela e proximidades, xa que aparte de cubrir as necesidades de lavado, dispón dunha fonte de auga potable abastecida pola esorrentías naturais subterráneas da zona.

O seu estado de conservación actual non é o adecuado, debido ó escaso mantemento que nos últimos tempos debeu recibir o equipamento. Os estanques, de lavado, fonte e bebedeiro, presentan problemas de estanquidade, a acumulación de auga pluvial arredor do lavadoiro dificulta o seu uso diario. A súa cuberta presenta unha aparencia feble, en canto á suxeición de placas onduladas de fibrocemento, que, ademais, case con seguridade conteñen amianto e é aconsellable retirar.

Por último preténdese mellorar a accesibilidade coa disposición de pequenos tramos de rampla.



Terceiro.- O concello pretende levar a cabo as seguintes actuacións para a mellora estética e funcional do equipamento e do seu entorno máis próximo:

- Limpeza de todo o equipamento e do seu entorno
- Limpeza manual exterior de tódalas superficies de fábrica, formigón e/ou pedra existentes, con auga a baixa presión
- Reparación dos tres estanques. Selado das fendas existentes polo exterior e revestimento interior dos paramentos
- Retirada das actuais plataformas de lavado, de fábrica revestida, e substitución por outras de similares dimensións, de pedra granito do país
- Mellora do pavimento arredor do equipamento
- Execución dunha cubrición lixeira acorde co entorno rural no que se actúa
- Mellora da accesibilidade coa execución de tramos de rampla de formigón armado

As actuacións anteriores cumpren coa Guía de materiais e cores de Galicia e coas esixencias da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A importancia que dende este concello se lle dá á recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio turístico, arqueolóxico e cultural local fai que unha das prioridades sexa a de cumprir cos principios de calidade e accesibilidade en todos eses destinos turísticos que dende este concello se pretenden valorizar como fomento do turismo.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.



Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Castrelo de Miño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

